Expediente	Sesión ordinaria do Pleno do Concello de 18.01.2016	REF. 1/2016
Trámite	Decreto de convocatoria	

Examinada a relación de asuntos remitida pola Secretaría Xeral do Pleno, considerando o tratado na sesión da Xunta de Portavoces do día 14.01.2016, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

Primeiro.-
Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión ordinaria que terá lugar o día **18.01.2016**, no Teatro Principal, ás **11:00 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

Segundo.-

Fixar a seguinte orde do día:

A) Aprobación da acta da sesión anterior:

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do 21.12.2015.

B) Parte resolutiva:

2.- URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 30.12.2015 relativo á interposición de recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta, polo Ministerio de Agricultura, alimentación e medio ambiente, do requirimento previo de anulación da Orde Ministerial de 24.07.2015 de declaración de caducidade parcial de concesión, para a ocupación da marisma de Lourizán Pontevedra, á fábrica de pasta de celulosa "KRAFT", cuxo titular é a empresa "ENCE, S.A."

3.- URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 30.12.2015 relativo ao trámite de audiencia no expediente de solicitude de prórroga extraordinaria formulada por "ENCE, ENERGÍA Y CELULOSA, S.A." para a concesión outorgada inicialmente por orde ministerial (O.M.) de 13/06/1958 ao Instituto Nacional de Industria; transferida por O.M. de 6/05/1959 á "EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA DE PONTEVEDRA, S.A.", e por O.M. de 28/07/1970 Á "EMPRESA NACIONAL DE CELULOSA, S.A." (ENCE). EXPEDIENTE MUNICIPAL: 201500046311.

4.- HONRAS E DISTINCIÓNS. Concesión dos premios Cidade de Pontevedra 2015 nas súas dúas modalidades: a) Persoa física e b) Persoa xurídica, asociación ou colectivo.

5.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á creación dunha partida económica para impulsar a actividade económica no Concello complementando o Plan de Emprego da Deputación Provincial.

6.- Proposición do grupo municipal Marea Pontevedra solicitando que o Concello elabore unha ordenanza municipal de accesibilidade universal e instando á Xunta de Galicia ao desenvolvemento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade.

7.- Proposición do grupo municipal mixto (C´s) relativa a seguimento e transparencia sobre as mocións aprobadas polo Pleno do Concello de Pontevedra.

8.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a que se inicien os trámites para a implantación dun servizo voluntario de policía local en bici.

9.- Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, de moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a modificar o regulamento de circulación para que inclúa a bicicleta como medio de transporte e que se teña en conta en

todos os proxectos de reforma de viais a implementación de carrís bicis.

C) Mocións urxentes.

D) Control e seguimento do Goberno Local:

10.- Toma de coñecemento de expedientes de modificación de crédito 5/2015; 15/2015; 16/2015; 17/2015 e 18/2015.

11.- Dación de conta de Decreto da Alcaldía do 11.01.16 de nomeamento de Vicepresidenta do Consello Económico e Social.

12.- Coñecemento de resolucións e decretos.

13.- Interpelacións:

- Interpelación do grupo municipal Marea Pontevedra ao Sr. Alcalde sobre a pouca dilixencia que o equipo de goberno amosa para o cumprimento de acordos plenarios.

14.- Preguntas.

15.- Rogos.

Terceiro.- Comunicar aos Srs. concelleiros que, a efectos de consulta dos expedientes, estes quedarán no rexistro xeral o sábado día 16, baixo responsabilidade do funcionario encargado dito día.

Cuarto.- Dar traslado da presente:

- Aos Srs. Concelleiros membros e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.

- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.

- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

Pontevedra, 14.01.2016.

O Alcalde | O Secretario xeral do pleno

Miguel Anxo Fernández Lores. | José Luis Mato Rodríguez.